

# XI FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI

## SORTEO DE PREMIOS EN METÁLICO

Con motivo da celebración da XI FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI o día 1 de xullo de 2017, o Concello de Outeiro de Rei organiza un sorteo de 10 premios de 50 € cada un deles.

Este sorteo é unha iniciativa máis, dentro do amplo programa de eventos que contempla a celebración desta feira, coa que se pretende animar á xente a que veña a coñecer a feira premiando a realización de compras en calquera posto e promovendo paralelamente o comercio e ás empresas locais.

### BASES

**PRIMEIRA.-** Neste SORTEO participan todas as persoas maiores de 18 anos que adquiren algún produto en calquera dos establecementos admitidos pola organización e instalados con motivo da celebración o día 01/07/2017 da XI FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI.

**SEGUNDA.-** As rifas deberán ser depositadas na urna instalada a tal efecto na caseta do Concello de Outeiro de Rei (fronte á Casa Consistorial).  
Os premios consistirán en 10 premios de 50 € cada un deles.

**TERCEIRA.-** O sorteo será público e está previsto que se celebre o día da feira ás 21:30 h na citada caseta. A entrega dos premios será efectuada no lugar do sorteo polo alcalde do Concello de Outeiro de Rei ou persoa na que delegue.

**CUARTA.-** A relación de tickets premiados será difundida a través dunha das orquestras que actúen esa noite nas festas de Santa Isabel, na web municipal e tamén será publicada no diario El Progreso o día 07/07/2017.  
As persoas afortunadas que non estean presentes no momento do sorteo terán un prazo dun mes dende a celebración do mesmo para poder retirar no Concello de Outeiro de Rei o premio acadado.

**QUINTA.-** A participación neste concurso implica a plena aceptación destas bases.

